



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 06)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de febreiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mayra García Bermúdez e o señor deputado don Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de febreiro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO CICLO PROXECCIÓN DE 4 LONGAMETRAXES E 4 DOCUMENTAIS, FINALISTAS DOS XXI PREMIOS MESTRE MATEO EN 8 CONCELLOS E/OU ASOCIACIÓN CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes e 4 documentais finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo. Nº: 2023/CON_02/000011 ,consta no mesmo:

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BYYA4D5RN3TMPAN6XCEDCEI.
- 2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7B7TTIP3UZ3RP7UAOHMUQPGE.



3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B7XASHFPSRDMDBRN4MEUCUI.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BY77TPL543GF4AX55CHQTIU.

5.-Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes e 4 documentais finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á Asoc. Academia Galega do Audiovisual con NIF G15844145 a través das direccións habilitadas na Plataforma de

Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 24.000€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 € de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO EVENTO DEPORTIVO CICLISMO “O GRAN CAMIÑO”, ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de febreiro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Presidente: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa: Dna. María del Carmen Dorado Duro, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor adxunto, en substitución da Interventora da Corporación.



Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección I de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento.

Dna. Begoña Ferreiro Otero, Xefa de Negociado I Tramitación Administrativa Deportes.

Sendo as 10:15 horas do día 14 de febreiro do 2023, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa a tales efectos.

Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2023. 2023/CON_02/000001.

Primeiro.- Apertura de Requirimento de documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

1.- Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Deportes, con CSV: IV7BQ6AYLTRNTPU7DXVGKYTHGA¹.

2.- Prego de prescricións técnicas elaborado pola Servizo de Deportes, con CSV: IV7BQ6AZH4BP37Z66NN5I5CBMQ.

3.- Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7BQ2RTDZPKUVHPSMXUARBXMA.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7BSGTCF5G3QVNLCA74KT3HDY.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7BSGT3CH7ZIWPIQMCF4ILWFY.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

6.- Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7BSKCIHVWJZ74ZC56DD33WOA.

7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7BSKC5HRFCSWJL2ZGWDZICI4.

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 13 de xaneiro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BTTIOZFVZTXXN2N6544KROY.

9.- Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13 de xaneiro de 2023.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 19 de xaneiro de 2023, con CSV IV7B4WT2BI7K5TN5QZYXEJF4M, na que se recolle o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é EZE Mosquera Events S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliábel mediante fórmulas matemáticas ou avaliábel de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábel automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a EZE Mosquera Events S.L.. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).”



11.- Acta da Mesa de contratación do día 26 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B4O3PYA4NLXWLWU4SEDQOII , na que se recolle o seguinte:

(...) “Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a realizar – sen custo adicional para a Deputación Provincial de Lugo- unha charla/conferencia de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/técnicos dun dos equipos participantes no evento, en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo, polo que acada 2,5 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	Fase I Oferta presentada: 100.000,00 € (IVE NON ENGADIDO): 0 puntos Fase II.: 2,5 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos+ 2,5 puntos = 2,5 puntos

2º.- Requirit a EZE Mosquera Events S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	5.000,00 €

(...)"

12.- Resolución de Presidencia do día 30 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B6WDJEFG5YSUDWPXHANCXC4, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

13.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 02 de febreiro de 2023.

14.- Documentación presentada pola empresa EZE Mosquera Events S.L. a través da plataforma de contratación do sector público o día 08 de febreiro de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de febreiro de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorporárase ao expediente certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa EZE Mosquera Events S.L. a contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo "O gran camiño", anualidade 2023, expediente 2023/CON_02/000001, polo importe de 100.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.000,00 €, o que fai un total de 121.000,00 €.



O licitador, oferta, sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, 1 Charla/ conferencia de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/ técnicos dun dos equipos participantes no evento, en centro de ensino primario/ secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás empresas licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	2,5 PUNTOS

2º.- Adxudicar á Eze Mosquera Events S.L. a contratación do Patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2023, expediente 2023/CON_02/000001, polo importe de 100.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.000,00 €, o que fai un total de 121.000,00 €.

O licitador, oferta, sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, 1 Charla/conferencia de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/técnicos dun dos equipos participantes no evento, en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LOURENZÁ.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122) – Augaxosa – Mazo (LU-124), P.K. 0+960 a 3+057.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LOURENZÁ.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122) – Augaxosa – Mazo (LU-124), P.K. 0+960 a 3+057, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7B6PRJFHV5Z244SBYMDYHO4Q.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BYYDDDIUTL7VPU3XEAUHO6E.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B6PRI3IPC735345OH6RZQ4U.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7BYS2ZP5G3537NXUP5OEXPFY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B6P2DFUN3JRB56E7MG3ZQMM.



6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BY7Q53MMYUWJC4M5UGHZTGU.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BY7QTDN5N7BM34ZETIM2VGY.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LOURENZÁ.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 “Santo Tomé (LU-122) – Augaxosa – Mazo (LU-124), P.K. 0+960 a 3+057, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 184.788,76 €, dos cales 32.070,78 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Obras de repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Obras de repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María,, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado pola Directora da Unidade de Proxectos, D^a Ana Belén Mera Arias.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B7TINLUWI36GPQDUMPYQPMY.

3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B7TIDZ5POZLH66ZFBGAKDP4.

Acta de Reformulo Previo, de data 08/02/2023.

4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BYYJKB4ODVRJ6DVOQEI77IY.

5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BYDAZJUOLLSJJYLYGG4AW4Y.

6. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BYDA4ZLZYVGPTSQ6FIAK7EU.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Declarar deserta a licitación da obra LUGO.- Obras de repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María aprobada pola xunta de Goberno de data 02-09-2022, por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á nova contratación das obras de: LUGO.- Obras de repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 465.000,00 €, dos cales 80.702,48 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7BYYD23L6LJSZNVUHFAFDW6Y.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BY72SPIZT7TOL2AEDMZDSLX.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B4HTZ3J77R272W7VUOPZ6H4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B62YTFVRJXBEIAAMQN43HBY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B4LKNLNDUPKXKH7UJ6MD43P4M.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BYDI2LJPTUVBSQMGD7YTBK4.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BYDI3PQV3XBG5XVGVCEA7MU.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP,



debedo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 125.662,09 €, dos cales 21.809,12 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS POR EMERXENCIA DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de RIBAS DO SIL.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-5303, no P.Q. 2+350.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 10/02/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Na estrada provincial LU-P-5303, denominada “San Clodio-Torbeo-L.P. Ourense”, produciuse, hai un tempo, a rotura dun antigo muro que sostiña a plataforma na contorna do p.k. 2+350. Como consecuencia das fortes precipitacións ocorridas nos últimos temporais, o terraplén exposto á erosión debido á ausencia do muro, viuse afectado, o que conlevou unha perda de parte da plataforma e pode comprometer a integridade da estrada.

De non actuar con rapidez, é probable que se produza unha nova rotura que afecte máis á calzada. Así, polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, e para garantir a seguridade

da circulación, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para restituir o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, proponse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección.

A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos ao vixente contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, Excavaciones Goni, S.L., xa que se considera que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de custo e costas.
- b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto



do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que aparezca terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP)”.

Consta ademais no expediente anexo fotográfico do estado da estrada.

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou a “o terraplén exposto á erosión debido á ausencia do muro, viuse afectado, o que conlevou unha perda de parte da plataforma e pode comprometer a integridade da estrada”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 86.642,54 euros, dos cales 15.037,14 € correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.



Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de RIBAS DO SIL.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-5303, no P.Q. 2+350, como consecuencia da rotura dun antigo muro que sustiña a plataforma na contorna do P.Q.2+350, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordenando á empresa Excavaciones Goni SL, contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, e por considerar que esa empresa dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 86.642,54 €, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír o sostemento da estrada nese treito, con garantía de estabilidade e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra denominada RIBAS DO SIL.- Restitución do sostemento da estrada LU-P-5303, no P.Q. 2+350, como consecuencia da rotura dun antigo muro que sustiña a plataforma na contorna do P.K. 2+350, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 86.642,54€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Excavaciones Goñi SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta

estrada e contar nas proximidades con medios para acometer a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 86.642,54 €, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Escrito do Concello de Friol, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 89 e 90 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Friol, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (89 e 90) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/ investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Friol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FRIOL	89	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE CIMA DE VILA, MONTECELOS, A MURAZA, A FLORIDA, SIXTO, ANXERIZ, AS FONTES, A CABANA E O CIBREIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	14.313,94€
FRIOL	90	MELLORA DE VIARIO MUNICIPAL EN TRALACORDA, SEOANE, VILAFIZ, GONCE, MACEDO, FOLGAR, ESPIÑEIRA, CERRACÍN, VILAPEDRE E QUINTÁ, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	13.406,10 €

5. Por escrito de data 08/02/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑO NO LUGAR DE CIMA DE VILA.	1531.76201	0,00 €	27.720,04 €	27.720,04 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Friol, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Friol e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑO NO LUGAR DE CIMA DE VILA.	1531.76201	0,00 €	27.720,04 €	27.720,04 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Autorización prevista na cláusula 3.1.3 e modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes na “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”.

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 20 de decembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes na “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 11 de novembro de 2022.

Na súa virtude, na cláusula primeira.- obxecto, entre outras, establécense as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para a actuación “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada e honorarios” cun custe total de 91.676,64 €.

Segundo.- O representante legal do Concello de Trabada remitiu escrito, o 17/01/2023 (2023/PES_03/001085) e número de rexistro 2023RT000615 con escritos de aclaración de 26/01/2023 14:41:32 e número de rexistro 2023RT001026 e 02/02/2023 14:43:21 con número de rexistro 2023RT001392 nos que literalmente se recolle o seguinte:

“O importe correspondente ao investimento tivo unha baixa na execución da obra de 190,65 € co IVE incluído dado que o orzamento base de licitación ascendeu a 83.376,64 € e o importe de adxudicación foi de 83.185,98 €.

Así mesmo, houbo unha baixa por un importe de 1660 € que corresponde á redacción do proxecto e dirección de obra.

Polo tanto o Concello de Trabada solicita á Deputación a baixa económica do investimento, que ascende a 1.850,65 €, mil oitocentos cincuenta euros con sesenta e cinco céntimos, para o investimento de acceso peonil formigonado segundo consta na memoria adxunta.”

“(…) Declara que o prazo de execución para dita baixa é do 10 de febreiro ao 15 de marzo de 2023”



Polo que dende o concello de Trabada se solicita a autorización para a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación coa mesma finalidade e respecto da cal se achega proxecto das actuacións pretendidas.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

(...)

“3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.”

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Cuarto.- Á vista do proxecto de actuación achegado, considérase que a nova actuación “Mejora de los accesos a la pista multideporte situada en el centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás” tería a mesma finalidade e que por tanto se cumpriría o previsto na cláusula 3.1.3 para a autorización procedente da aplicación dos remanentes producidos.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a autorización prevista na cláusula 3.1.3 e a consecuente modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes no “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, formalizado o 20 de decembro de 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a autorización prevista na cláusula 3.1.3 e a consecuente modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes no “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, formalizado o 20 de decembro de 2022, nos termos da modificación que se literalmente se transcribe e mantendo inalteradas o resto de cláusulas en tanto non se vexan afectadas por esta modificación:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada co obxecto de colaborar na “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”

Reunidos.



Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Deputado Delegado da Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 15 de outubro de 2019.

E doutra, dona Mayra Garcia Bermudez, con DNI nº 76581671C, alcaldesa do Concello de Trabada, con NIF: P2706100A, e sede social na rúa do Concello, nº 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 20 de decembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes na “Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 11 de novembro de 2022.

Segundo.- O representante legal do Concello de Trabada remitiu escrito, o 17/01/2023 (2023/PES_03/001085) e número de rexistro 2023RT000615 con escrito de aclaración de 26/01/2023 14:41:32 e número de rexistro 2023RT001026 e 02/02/2023 14:43:21 con número de rexistro 2023RT001392 nos que literalmente se recolle o seguinte:

“O importe correspondente ao investimento tivo unha baixa na execución da obra de 190,65€ co IVE incluído dado que o orzamento base de licitación ascendeu a 83.376,64 € e o importe de adxudicación foi de 83.185.98 €.

Así mesmo, houbo unha baixa por un importe de 1660 € que corresponde á redacción do proxecto e dirección de obra.

Polo tanto o Concello de Trabada solicita á Deputación a baixa económica do investimento, que ascende a 1.850,65€, mil oitocentos cincuenta euros con sesenta e cinco céntimos, para o investimento de acceso peonil formigonado segundo consta na memoria adxunta.”

“(…) Declara que o prazo de execución para dita baixa é do 10 de febreiro ao 15 de marzo de 2023.”

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula Primeira.- Obxecto do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Execución de pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada e honorarios	89.825,98 €
Mellora dos accesos á pista multideporte sita eno centro educativo Ceip Plurilingüe Celso Currás	1.850,65 €
CUSTE TOTAL:	91.676,63 € (IVE INCLÚIDO)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:



ACHEGA DEPUTACIÓN	IMPORTE ACHEGA XUNTA DE GALICIA	IMPORTE ACHEGA CONCELLO	TOTAL
20.806,49 €	70.870,14 €	0,00 €	91.676,63 €

(...)”

Segunda.- A cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)”

9. Executar a pista multideporte no centro educativo CEIP Plurilingüe Celso Currás do Concello de Trabada e honorarios na data límite do 30 de novembro de 2022 e a Mellora dos accesos á pista multideporte sita eno centro educativo Ceip Plurilingüe Celso Currás na data límite do 15 de marzo de 2023.

(...)”

Terceira.- A cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)”

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Trabada aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 15 de abril de 2023. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa deberá ter o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

(...)"

Cuarta.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 3 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do río Rato e de Paradai.

Con data 13 de novembro de 2020 aprobábase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos e Hortos urbanos de Paradai (1ª fase).

O día 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación dos Hortos urbanos do río Rato ás persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Rato ou de Paradai, entre os que se atopan os seguintes interesados:



HORTO ASIGNADO	SOLICITANTE
14	DIEGO MUIÑO FAFIÁN
36	LUIS ORESTES BUSTA MARTI
62	MARIA TERESA LASTRA MAGADAN

Con data 26 de marzo de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase).

O día 11 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase) para novos usuarios entre os que se inclúen as seguintes persoas:

HORTO ASIGNADO	SOLICITANTE
16	SANTIAGO BARCELO MARTINEZ
114	LUIS DARRIBA TARRAZO

Visto o informe emitidos polo Servizo de Medio Ambiente con CSV: IV7BY7Y7N7VYSWUT2X7QIRAV4U.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2022/XEN_01/002992 sobre Revogación Autorizacións uso hortos rato non cultivados e perda condición usuario e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre as que se atopan:

“a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)

d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, propónse á esta Xunta de Goberno:

A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do río Rato concedida e a perda da condición de usuario dos Hortos urbanos do río Rato, debido ao non cultivo do Horto adxudicado, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo aos seguintes usuarios:

N.º HORTO	NOME E APELIDOS
14	DIEGO MUIÑO FAFIÁN
36	LUIS ORESTES BUSTA MARTI
62	MARIA TERESA LASTRA MAGADAN
16	SANTIAGO BARCELO MARTINEZ
114	LUIS DARRIBA TARRAZO

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/ POSTOS/ EMPREGOS DE ADMINISTRATIVO/A.

A proposta do Servizo de Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa para a incorporación de novos informes.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR



SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/ POSTOS/ EMPREGOS DE TRABALLADOR/A SOCIAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A proposta do Servizo de Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa para a incorporación de novos informes.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO- OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/ POSTOS/ EMPREGOS DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Con ocasión da elaboración e aprobación dos orzamentos da nosa Entidade para o ano 2023, foi creada unha praza de Técnico de Normalización Lingüística coa finalidade de reforzar os efectivos desta especialidade, xa que os que actualmente ten no cadro de persoal están dedicados a outras funcións organizativas.

A Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de dar resposta máis áxil ás necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino ou de contratación de persoal laboral temporal que se presenten para atender os requirimentos de efectivos que formulen os distintos servizos e unidades para poder desenvolver as súas actividades, ten articulado un sistema de Listaxes de Emprego Temporal que permiten o chamamento de efectivos cunha maior eficacia e aforro de tempo sen realizar en cada momento novos procesos selectivos facendo compatible o principio de eficacia e celeridade cos principios constitucionais, de acceso ao emprego público, de igualdade, mérito e capacidade.

Atendendo á actual realidade da organización resulta necesario constituír unha listaxe de Técnico/a de Normalización Lingüística por si se establecese como necesario e urxente incorporar efectivos da dita especialidade.

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que neste momento non existen efectivos que podan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree a citada listaxe para poder atender futuras incorporacións axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Normalización Lingüística, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 079, de 6 de abril de 2020.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarían as bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.



5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE PROLONGACIÓN SERVIZO ACTIVO DESPOIS DE CUMPRIR A IDADE ORDINARIA DE XUBILACIÓN.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“O pasado 14 de decembro do 2022, Dona María José Fernández Fernández, con DNI 33.835.115-E, nacida o 10 de abril de 1958, funcionaria de carreira desta Entidade (grupo C, Subgrupo C2), da Escala Auxiliar de Administración Xeral, que desempeña o posto de traballo de Xefa de Negociado II, na Sección de Nóminas e Seguridade Social da Deputación Provincial de Lugo, que presta servizos na Entidade dende o día 1 de febreiro de 1986; presentou un escrito na oficina do Rexistro Xeral desta Entidade (nº 2022RPE023093), no que solicita a prórroga na situación de servizo activo despois do 10 de abril de 2023, data na que lle correspondería a xubilación ordinaria, conforme á normativa do Réxime Xeral da Seguridade Social, ao ter acreditado, segundo achega coa solicitude, unha carreira de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social de máis de 49 anos.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V. Xubilacion do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.



Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
- 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOG nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir a persoa funcionaria os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para

ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Logo de efectuar un estudo da situación organizativa, conséntase que as necesidades de persoal dentro da estrutura na que presta servizos (Sección de Nóminas e S.S. do Servizo de Recursos Humanos), derivadas da baixa por xubilación ordinaria da funcionaria solicitante, poden ser obxecto de cobertura mediante a adquisición de novos efectivos, na medida en que resulten necesarios, acudindo aos mecanismos previstos na vixente normativa de función pública, sen por iso dificultar ou impedir o obxectivo do goberno da Entidade de facilitar os procesos de relevo xeracional que contribúa ao imprescindible rexuvenecemento do cadro de persoal para a mellora do funcionamento da organización.

As funcións que está a desempeñar poden ser cubertas por outros efectivos do Servizo co nivel de cualificación do solicitante, acudindo aos mecanismos de provisión que recolle o regulamento da Entidade e a normativa de provisión de postos de función pública sen que se alberguen evidencias de maior dificultade que obstaculicen a intención organizativa prevista, ao igual que noutros procesos de relevo que se producirán noutros Servizos como consecuencia da xubilación doutros efectivos.

Tomando en consideración que, segundo se desprende do informe de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, que a interesada acompaña coa solicitude, non se presentan circunstancias de déficit de carreira de cotización da citada funcionaria que abran paso ás previsións e compromisos recollidos de obrigada prolongación da permanencia no servizo activo despois da idade ordinaria de xubilación, conforme ao Anexo V do xa citado Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, de 14 de novembro de 2013, en



materia de xubilación, xa que non sufrirá mingua na súa prestación de xubilación da Seguridade Social, atendendo á dilatada carreira de cotización, xa indicada, de máis de 49 anos, que supera amplamente os 35 anos necesarios para completar o 100% do importe da Base Reguladora.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, a Deputada Delegada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo formula proposta para que a Xunta de Goberno adopte unha resolución sobre a solicitude formulada por Dona María José Fernández Fernández coa seguinte parte dispositiva:

“Desestimar a pretensión da funcionaria de carreira Dona María José Fernández Fernández, de prolongar a permanencia no servizo activo, despois do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do 10 de abril de 2023, data na que alcanza a idade ordinaria de xubilación conforme ao previsto no artigo 67.1 b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 68 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia”.

Con data 24 de xaneiro do 2023, notifícaselle á indicada funcionaria o contido da citada proposta desestimatoria da súa solicitude a fin de que no prazo de 5 días formule alegacións, de estimalo oportuno.

Con data 31 de xaneiro de 2023, recíbese escrito de alegacións, formuladas pola interesada.

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, que consta no expediente, de data 7 de febreiro do 2023, sobre o citado escrito de alegacións, no que se conclúe que estas non desvirtúan as motivacións e argumentos que sosteñen a proposta formulada, procede elevar a proposta como definitiva á Xunta de Goberno para que esta adopte a correspondente resolución.

En consideración a canto antecede, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a pretensión da funcionaria de carreira, Dona María José Fernández Fernández, de prolongar a permanencia no servizo activo, despois do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do 10 de abril de 2023, data na que alcanza a idade ordinaria de xubilación conforme ao previsto no artigo 67.1 b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 68 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN MAQUINISTA-CONDUTOR PARQUE MÓBIL, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Juan Carlos Gómez Rodríguez, Maquinista- Condutor Parque Móbil do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 4 de marzo de 2023 e que terá recoñecidos 41 anos, 5 meses e 27 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 4 de marzo de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses.

Considerando que e o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta o establecido na normativa establecida:

O Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:



a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...].”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Juan Carlos Gómez Rodríguez, terá acreditado, á data 4 de marzo de 2023 un período de cotización superior aos 37 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Juan Carlos Gómez Rodríguez, con efectividade do día 4 de marzo de 2023, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN COORDINADOR PEDAGÓXICO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Fernando Arribas Arias, Coordinador Pedagóxico do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Responsable Coordinador I Difusión cumpre os 65 anos de idade o día 9 de marzo de 2023, que terá recoñecidos 40 anos, 3 meses e 9 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 9 de marzo de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:



“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. Fernando Arribas Arias, con efectividade do día 9 de marzo de 2023, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.